

# I COPA ESCUDERIAS RALLY MIX 2024





### **1º - Organización**

As escuderías Touro Motor, San Paio, Cantera Competición, Desguaces Tino Racing, Portas Motor, Cuntis Vila Termal e Barbadás organizan a **1ª Copa Escuderías de RallyMix 2024** que se levará a cabo nas 7 probas do Campionato Galego de RallyMix.

### **2º - Participantes**

Poderán participar tódolos pilotos que cumpran co Anexo I do Anuario da Federación Galega de Automobilismo do ano 2024 e participen nas probas puntuables.

### **3º - Vehículos admitidos**

A 1ª Copa Escuderías de Rallymix 2024 está reservada exclusivamente os vehículos da Agrupación 2 (menos 1600cc), agás aqueles que contén con caixa de cambios secuencial ou a crabots, e/ou modificacións no apartado mecánico tales como o uso de kit de admisión directa de papillóns.

### **4º - Verificacións**

En cada unha das probas puntuables para a 1ª Copa Escuderías de RallyMix 2024, os vehículos admitidos terán que pasar unhas exhaustivas verificacións, que serán levadas a cabo por parte do comisario técnico designado para a citada copa: **Víctor Mato Gañete** con licencia **JOC-0678-GA-AUT**

### **5º - Inscricións**

Unha vez aceptada a inscrición na 1ª Copa Escuderías de RallyMix 2024 o participante estará oficialmente inscrito. Tódolos interesados en inscribirse nela terán que facelo enviando a folla de inscrición en formulario “online” sita na [www.fga.es](http://www.fga.es)

## **6º - Probas**

Para a 1ª Copa Escuderías de RallyMix 2024, puntuarán as seguintes probas do Campionato Galego de RallyMix.

<b>DATA</b>	<b>PROBA</b>	<b>ESCUDEIRÍA</b>
4-5/05/2024	7º Rallymix Concello de Touro	Touro Motor
7-8/06/2024	3º RallyMix Sidra da Estrada	San Paio
29-30/06/2024	1º RallyMix Serra do Argallo/Figueiro Tomiño	Cantera Competición
20-21/07/2024	3º RallyMix Concello de Ribadumia	Desguaces Tino Racing
31/08 e 1/09/2024	4º RallyMix Concello de Portas	Portas Motor
4-5/10/2024	7º RallyMix Cuntis Vila Termal	Cuntis V. T
26-27/10/2024	10º RallyMix de Barbadás	Barbadás

## **7º Premios**

- O gañador de cada proba recibirá un trofeo para o piloto e outro para o copiloto que se entregará na entrega de premios da proba correspondente.
- O premio final de esta Copa entregárase na última carreira do Campionato Galego de RallyMix (10º RallyMix de Barbadás).

*O premio final será:*

1º Clasificado – Inscricións gratuítas nas 7 probas para a tempada 2025, máis trofeo para piloto e copiloto.

O equipo vencedor ten a obriga de desfrutar do premio na tempada 2025, non sendo posible desfrutalo en outras tempadas. O mesmo tería que ser comunicado por escrito ao efecto ó Comité Organizador, e iste ser aceptado, ou ben en caso de renunciar pasaría ó seguinte clasificado .

En caso de non poder participar nalgunha proba do citado ano, podería ceder o seu premio a calquera outro dos participantes.

A escudería que non organice a súa proba para a próxima tempada 2025 terá que abonar o importe total da inscrición o gañador da copa.

### **8º Puntuacións**

En cada unha das probas puntuables para a 1ª Copa Escuderías de RallyMix 2024 concederanse os seguintes puntos segundo o posto obtido por cada un dos equipos inscritos na copa:

**1º clasificado – 25 puntos**

**6º clasificado – 10 puntos**

**2º clasificado – 20 puntos**

**7º clasificado – 7 puntos**

**3º clasificado – 18 puntos**

**8º clasificado – 5 puntos**

**4º clasificado – 15 puntos**

**9º clasificado – 3 puntos**

**5º clasificado – 12 puntos**

**10º clasificado – 1 punto**

A clasificación final será establecida entre aqueles equipos que disputen un mínimo de 6 das 7 citas que conforman a 1ª Copa Escuderías de RallyMix 2024. Para a puntuación final reteranse e sumaranse os 6 mellores resultados de cada equipo.

No caso de que só se celebren 6 probas, os equipos terán que disputar o total das 6 probas e reteranse os 5 mellores resultados de cada equipo.

Se nun último caso, só se disputaran 5 probas, os equipos terán que disputar o total das 5 probas e reteranse os 5 mellores resultados, sen descontar ningún resultado.

En caso de empate na clasificación final, o campión será o equipo que máis vitorias posúa, se persiste o empate o que mais segundos postos e así sucesivamente. Se aínda segue o empate, resultaría vencedor o que se levase a vitoria na primeira proba da tempada.

### **9º Publicidade obrigatoria**

Tódolos vehículos deberán levar un parasol no parabrisas traseiro, na parte superior co nome da Copa (1ª Copa Escuderías de RallyMix 2024). Baixo ningún concepto estará permitido tapar a publicidade. Non se poderá recortar no ancho, e si recortar e acoplar os laterais do vehículo, sen perxudicar en ningún caso, as publicidades.